- Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, realización de predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo.
- Identificación de figuras semellantes (ampliacións, reducións) en situacións da vida cotiá.
- Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados.
- Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
- Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver.
- Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
- Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
11	Orientación no plano e no espazo.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.	PE	70
CA3.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA3.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Realizar conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA3.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas na igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	30
CA3.4 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA3.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA3.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA3.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros). - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso. - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con explicación do proceso. - Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso seguido. - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais) e indicación relativa de distancias en soportes físicos e virtuais. - Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa), identificando utilidades habituais. - Elaboración de itinerarios sinxelos en planos, bosquexos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá. - Movementos e transformacións - Identificación de figuras transformadas en situacións da vida cotiá, observando translacións e simetrías. - Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, realización de predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo. - Identificación de figuras semellantes (ampliacións, reducións) en situacións da vida cotiá. - Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados. - Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións. - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver. - Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas. - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo. - O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas. - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado. - Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade - Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
12	Representación de datos.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	PE	70
CA5.3 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Elaborar representacións matemáticas para resolver problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Resolver problemas, seleccionando a estratexia axeitada.		
CA5.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Resolver problemas da vida cotiá utilizando as matemáticas.	TI	30
CA4.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo de forma colaborativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Comprender problemas da vida cotiá.		
CA5.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Interpretar a linguaxe matemática adquirindo vocabulario matemático sinxelo.		
CA5.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Formular novos problemas sobre outros coñecidos.		
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Interpretar a linguaxe matemática adquirindo vocabulario matemático sinxelo.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Colaborar no reparto de tarefas asumindo as responsabilidades individuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Patróns - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia. - Organización e análise de datos - Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar. - Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas; uso desa información na resolución de problemas. - Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. - Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos (enquisas, medicións, observacións) de maneira individual ou en equipo para aplicar en situacións contextualizadas. - Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras e histograma), con emprego de recursos tradicionais e tecnolóxicos e elección do máis adecuado á situación. - Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda en resolución de problemas en contextos cotiáns. - Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folia de cálculo. - Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas. - Incerteza - Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas

Contidos

- Investigación sobre a contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
- Inferencia
- Coñecemento da necesidade de mostras cando a poboación é moi grande, procura de exemplos de estudos con mostras no contexto cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía estará centrada no alumno/a. Será individualizada a partir do seu nivel de desenvolvemento, das súas motivacións, intereses e capacidades. Terá un carácter aberto, activo e experimental como base para a construción da aprendizaxe e da transferencia das aprendizaxes ás situacións do seu entorno.

Do mesmo xeito fomentarase a creatividade para flexibilizar o seu pensamento e aumentar a súa autonomía na resolución de problemas da súa vida cotiá.

PROPOSTAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN.

Tomando como referente os principais axentes que forman parte da comunidade educativa as propostas de actuación serán:

- Respecto ao centro: participar en claustros, reunións de etapas e cursos, dinamizando, no posible, aqueles aspectos tanto de organización como de metodoloxía, que supoñen melloras para todo o alumnado.
- Respecto ao profesorado: reunións ao inicio do curso para definir cal é a situación de cada alumno/a. Determinar os fins e obxectivos nas distintas áreas e establecer o plan a seguir e os modos de ir recollendo información para valorar finalmente o traballo realizado.
- Respecto ao alumnado: elaborar programas combinados para nenos/as con dificultades educativas. Execución de programas individuais, rexistro e información sobre o seu desenvolvemento e preparación de material específico para realizar actividades educativas dentro da clase ordinaria.
- Respecto aos pais e nais: Asesoramento e información sobre a necesidade e a forma da súa actuación na práctica educativa, así como o tratamento e evolución do seu fillo ou filla.

As liñas de actuación xerais ou ordinarias de atención á diversidade virán marcadas polos seguintes obxectivos:

- Valorar as necesidades educativas do alumnado.
- Diseñar e coordinar a acción conxunta dos profesores encamiñada á atención individualizada dos alumnos tendo en conta os seus intereses, motivacións e capacidades.
- Actuacións preventivas e de detección de dificultades de aprendizaxe dirixidas a todo o alumnado.
- Organizar a atención dos alumnos con necesidades educativas de apoio específico.
- Adaptacións curriculares que afecten unicamente á metodoloxía didáctica ou pola contra, AC significativas que afectan aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Agrupamentos flexibles, os grupos de reforzo ou apoio nas materias instrumentais.
- Elaborar material específico de apoio.
- Impulsar a participación de todo o profesorado na integración do alumnado.

- Fomentar entrevistas para a orientación dos pais/nais.
- Atender a aqueles alumnos/as de outros países, que por non coñecer as linguas oficiais (galego e castelá) da nosa comunidade autónoma, teñen dificultades para desenvolverse.
- Actuacións de prevención e control do absentismo escolar.
- Seguir o Contrato-Programa INCLÚE-T do centro coas liñas: inclúe-t, iguala-t, con-vive, quéda-t,
- Actuacións de intervención de modificación de conduta seguindo o programa de habilidades sociais e comunicativas.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. As liñas principais de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe serán:

- A área das Matemáticas na educación primaria abordarase cun triplo enfoque: as matemáticas son útiles e imprescindibles para o cotián, axúdannos a comprender a realidade e contribúen á formación intelectual das persoas.
 - Os sentidos matemáticos (socioemocional, numérico, da medida, espacial, alxébrico e pensamento computacional e o estocástico) traballaranse de maneira interrelacionada entre si e cos procesos matemáticos: destrezas socioemocionais, resolución de problemas, razoamento e proba e comunicación e representación.
 - Tratarase de proporcionar unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúa significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas.
 - A coordinación horizontal e vertical entre o profesorado será fundamental para compartir e acordar criterios, realizar reflexións conxuntas e compartir aspectos metodolóxicos que respondan ás necesidades e intereses do alumnado.
 - As matemáticas actuais requiren dunha perspectiva socioemocional e de xénero que axude o alumnado a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. O coñecemento do desenvolvemento histórico das matemáticas e das contribucións de mulleres e homes a elas axudarán a achegalas ao alumnado como un saber útil.
 - A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións...
 - A vivencia, manipulación, representación e abstracción deberán ser procesos presentes en calquera situación de aprendizaxe.
 - A resolución de problemas, xunto ás destrezas emocionais, constitúen os dous eixes principais da actividade matemática.
 - O profesorado debe ter un rol mediador, un rol de guía. Seleccionará a situación de aprendizaxe adecuada e en función dela escollerá recursos dixitais e non dixitais variados e diversos que lle permitan ao alumnado explorar e investigar, que fomente a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, o enfrontamento dos retos sen ansiedade e que ofrezca novas oportunidades de aprendizaxe.
 - A avaliación deberá formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino, permitirá valorar os procesos matemáticos, será reguladora e autorreguladora da aprendizaxe e atenderá á diversidade variando situacións, instrumentos e procedementos de avaliación cando corresponda. A súa finalidade é mellorar os procesos tanto de ensino como de aprendizaxe.
 - Os resultados da avaliación proporcionarán información que poida ser utilizada para tomar decisións sobre axustar, revisar ou modificar os elementos que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe.
 - A valoración dos logros do alumnado proporcionará datos para reflexionar sobre a práctica docente e o impacto que tivo na aprendizaxe das nenas e dos nenos, de forma que poida introducir os cambios e axustes que cumpran para que se produza unha intervención axustada ás características do alumnado, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles do alumnado.

Encerado dixital
Portátil de aula
Entorno virtual de aprendizaxe (EVA)
Material manipulativo: tamgram, bloques lóxicos, corpos xeométricos, material base dez...
Material de medidas: balanzas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade e reloxos.
Material de debuxo: regras e compás.
Material manipulativo: moedas e billetes.
Material tecnolóxico e dixital: ordenador, calculadora, tablet, pizarra dixital...
Outros recursos: troquelados, folletos, planos, publicidade...
Libro dixital Netex Smart.

Na programación fórmulanse algúns dos recursos ou materiais que facilitan a aprendizaxe na área de matemáticas. Para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos no currículo da área de matemáticas é necesario a utilización de distintos materiais manipulativos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo a avaliación inicial co fin de coñecer o punto de partida deste curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Matemáticas.

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais e actividades na aula virtual.

A partir do conxunto de datos obtidos informarase ao Departamento de Orientación para poder convir o modo intervención, se é preciso, daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, adaptaremos o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

Farase un seguemento a través da observación, informes do profesorado, cuestionarios e entrevistas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	9	9	8	8	8	8	8	9
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	9	9	8	8	8	8	8	9
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Como todas as unidades didácticas teñen o mesmo peso na nota final, a cualificación de cada avaliación será a nota media das cualificacións obtidas nas 12 unidades didácticas que se imparten na avaliación expresada en termos de IN,SUF, B, N, SB, á que se acompañará, a nivel informativo, a nota numérica. A nota final do curso será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo a Orde do 8 de Setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a Atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, temos en conta o Plan de Atención á Diversidade axeitado ao noso centro que ten por obxecto regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais.

Actualmente, debido as circunstancias sociais que acontecen do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria (por presentar novos valores sociais, a continua chegada de alumnos inmigrantes de incorporación tardía no sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar, alumnos con necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais e a prolongación da escolaridade obrigatoria....) requiren unha resposta educativa que permita adaptarse ás esixencias da comunidade educativa e poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e aseguren o seu progreso axeitado para alcanzar as

competencias básicas.

O punto de partida do Plan de atención á Diversidade debe fundamentarse en que:

a) Os centros son diferentes: é unha realidade, cada centro escolar posúe trazos propios e específicos que lle confiren esta identidade. Cada centro constitúe, por conseguinte, un contexto singular con certa tradición educativa e unha dinámica propia de funcionamento que afectan a todos os membros da comunidade escolar.

b) As aulas son diferentes: cada aula constitúe un contexto singular e, en certos aspectos, irrepetible. Isto é así dentro dun mesmo centro e aínda con grupos de alumnos do mesmo nivel académico e similares características de idade e extracción social e cultural.

c) Os alumnos son diferentes: os alumnos/as desenvolven, xunto ás capacidades intelectuais e afectivas propias do pensamento, un peculiar estilo cognitivo e un campo de intereses e expectativas persoais con características diferenciadas do resto dos individuos do grupo. Todas estas condicións marcan a diversidade dos nosos alumnos/as na aula e as poderíamos concretar en :

Alumnos/as con distinto nivel de competencia curricular: mentres uns non alcanzaron as competencias do curso correspondente , outros as desenvolven ao seu nivel e outros as superan cun nivel superior ao que lles correspondería.

Alumnos/as que se atopan en distintos momentos de desenrolo somático e psicolóxico: teñen diferentes ritmos de aprendizaxe, condicións físicas e psicolóxicas variadas que condicionan o súa desenvolvemento, ambientes socio familiares ricos ou pobres en estímulos, experiencias, expectativas..

Alumnos/as con distintas motivacións e intereses: próximos ao ambiente escolar e de estudo nuns casos, e moi afastados noutros. Cun autoconcepto positivo ou con falta de seguridade e confianza en si mesmos.

Alumnos/as con distintos estilos de aprendizaxes: que se achegan, posiblemente, a un ou varios dos seguintes: activo, reflexivo, teórico, pragmático. Uns con estratexias cognitivas e outros que cando traballan faino mecanicamente.

Alumnos/as procedentes de distintos ambientes e contextos socioculturais: ambientes familiares ou sociais desfavorecidos ou enriquecedores, minorías étnicas ou culturais, emigrantes...

Ante a diversidade, a nosa finalidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas:

- Alumnos con dificultades de aprendizaxe: Traballarase na titoría e nas aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe co asesoramento do Departamento de Orientación.
- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realzar adaptacións que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
- Modificar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación en función das adaptacións.

- Alumnos con altas capacidades intelectuais:
- Flexibilizar o nivel de aprendizaxe adaptado ao seu nivel curricular.

- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo (Orde do 8 de Setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a Atención á Diversidade), que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos. Seguiremos o protocolo do PLAN DE ACOLLIDA.

Medidas de atención á diversidade levadas a cabo co alumnado.

a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá. Formamos grupos de adquisición das linguas flexibles dirixidos ao alumnado que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais de Galicia e teñen como finalidade proporcionar unha formación inicial nas linguas vehiculares do ensino.

b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. Formamos grupos de adaptación da competencia curricular coa finalidade de que progresen na competencia curricular de maneira que se lles posibilite a plena incorporación ao curso no que están escolarizados.

c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais. Poñemos en marcha programas de adaptación mais non temos casos.

- Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo:

1) Alumnado con necesidades educativas especiais, onde nos podemos atopar con:

a) Alumnos/as con NEE permanentes derivadas de discapacidade psíquica ou mental, síndrome de Down, Autismo y/ou trastorno xeneralizado do desenvolvemento

A resposta educativa a estes alumnos darase , sempre que resulte posible, nas aulas ordinarias realizando as

oportunas adaptacións curriculares.

Un dos obxectivos básicos a conseguir con este alumnado será alcanzar as cotas máximas de integración, normalidade e autonomía.

b) Alumnos/as con necesidades educativas derivadas de deficiencia auditiva: Non contamos con alumnado con esta deficiencia.

c) Alumnos/as con necesidades educativas derivadas de deficiencia visual:

d) Alumnos/as con necesidades educativas derivadas dunha discapacidade motora.

Estes alumnos/as necesitaran a supresión de barreiras arquitectónicas e urbanística así como os medios técnicos e humanos pertinentes para favorecer o acceso ó currículo ordinario. Actualmente non temos alumnos/as con esta discapacidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual								X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento	X	X						
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz						X		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible						X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X					X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento				
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz				
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible				
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.				

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai seis temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades culturais	Visita a exposicións do Concello e Abanca			
Conmemoracións	Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller.			
Semana da Natureza do Concello	Proxeccións de cine, plantación de sementes, visitas medioambientais.			
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións, como por exemplo o Plan Director.			
Semana da Natureza do Concello	Proxeccións de cine, plantación de sementes, visitas medioambientais.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Funcionalidade da programación
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza
Rol do docente
Temporalización
Organización dos recursos materiais
Medidas de atención á diversidade
Motivación do alumnado
Procedementos de avaliación

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS.

Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso. Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados